



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA (ACOUGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

A directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade, **DECLARA**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Asociación de Familias de Acollida (ACOUGO) o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

A finalidade deste convenio consiste na execución do Plan Corresponsables a través de actuacións que permitan acadar o benestar persoal e familiar das crianzas do Sistema de Protección e das súas familias, tanto de orixe como acolledoras, impulsando un modelo de relación igualitaria, prestando apoio e acompañamento a aquelas familias que polas súas circunstancias enfrontan maiores dificultades (familias monomarentais/monoparentais, mulleres vítimas de violencia de xénero, familias sen redes sociais de apoio, etc.) e realizando actividades de sensibilización co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias. A execución do convenio permitirá a posta en marcha de distintas actividades destinadas a procurar o benestar familiar e persoal das crianzas do Sistema de Protección e das familias, tanto de orixe como acolledoras, incorporando tamén formación en materia de corresponsabilidade e novas masculinidades coidadoras que axudarán ás familias a adoptar patróns de relación máis igualitarios dentro da unidade familiar, incluíndo todas as actuacións a perspectiva de xénero e favorecendo a conciliación nestas familias que son prioritarias neste ámbito dos coidados.

A Asociación de Familias de Acollida (ACOUGO), comprométese a dar cumprimento o obxecto e finalidade sinalados entendendo como actuacións a desenvolver as seguintes:

1. "Ti acougas eu coido". Esta actuación consiste no desenvolvemento dun campamento, estadía de fin de semana e espazos de conciliación dirixidos aos menores e as súas familias, que teñen como finalidade ofrecer un ambiente de convivencia, de intercambio de experiencias e de apoio e fomento do acollemento.





2. "Acompañamento Acougo". Esta actuación ten como finalidade fomentar a solidariedade entre as familias tanto de orixe como acolledoras como medida para previr a institucionalización dos menores. Nesta actuación inclúense dúas actividades:

1. Familias Coparentais-Corresponsables na que se prestará atención e acompañamento ás familias acolledoras e de orixe.
2. Xornada de difusión corresponsable. Realizarase unha xornada de sensibilización en novas masculinidades coidadoras aberta ao público co obxectivo de axudar ás familias a modificar os seus modelos e patróns de relación.

3.- "Acougo na cultura, ocio e educación en xeral". Esta actuación consiste na realización de clubs de lectura, contacontos e xornadas dirixidas tanto aos adultos como ás crianzas dirixida tanto aos adultos como ás crianzas que ten como finalidade sensibilizar sobre a necesidade da corresponsabilidade e coparentalidade na familia.

4.- "Acougo no empoderamento". Esta actuación consiste na realización de obradoiros de autoestima e autoconcepto, dirixida ás mulleres acolledoras e de orixe coa finalidade de valorar positivamente o traballo realizado polas mulleres e a súa importancia na sociedade.

O proxecto está dirixido ás familias acolledoras e familias de orixe (en calquera formato actual e recoñecido dentro do concepto de diversidade familiar) con menores entre 0 e 16 anos, que estean tanto en acollemento familiar como residencial e menores de 16 a 18 anos e menores extutelados (polas características especiais dos/das adolescentes do sistema de protección e todas as problemáticas e conflitos destas idades relacionados coa igualdade e cos modelos de referencia) que precisan tamén formación nesta área, para o que se preparan e dirixen diferentes actividades adaptadas. Farase especial fincapé en traballar cunha metodoloxía transversal, priorizando todos os aspectos relacionados coa educación en igualdade, incorporando nas actividades mensaxes que eviten etiquetas sexistas ou destrutivas, e fomentando aquelas que fomenten o respecto á igualdade e individualidade. Traballar a igualdade dende idades temperás contribúe a eliminar estereotipos relacionados co xénero e, polo tanto, a previr situacións de discriminación machista no futuro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:





A Asociación de Familias de Acolida (ACOUGO) que é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable. A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico. Figura inscrita na área de igualdade no Rexistro Único de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia co Nº 7138, e traballa na defensa dos dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección público, sobre todo polo dereito a "medrar en familia" e a "coñecer as súas orixes". Entre os fins da asociación están promover a conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de forma que se acade unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

Todos os seus proxectos están encamiñados a difundir o acollemento familiar como o mellor recurso para a protección á infancia e adolescencia en situación de desamparo ou risco, a poñer en valor o traballo das familias acolledoras (apoialas e coidalas), a sensibilizar á sociedade nesta área e a traballar cos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección e coas súas familias de orixe.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na cláusula terceira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, no artigo 32 prevé a competencia da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, e as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de igualdade entre mulleres e homes, promover o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e a promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes na vida familiar, laboral e persoal, así como desenvolver programas dirixidos á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos. Así mesmo, establecerá relacións e canles de





participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar actuacións que permitan acadar o benestar persoal e familiar das crianzas do Sistema de Protección e das súas familias, tanto de orixe como acolledoras, impulsando un modelo de relación igualitaria, prestando apoio e acompañamento a aquelas familias que polas súas circunstancias enfrontan maiores dificultades (familias monomarentais/monoparentais, mulleres vítimas de violencia de xénero, familias sen redes sociais de apoio, etc) e realizando actividades de sensibilización co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

